

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Decreto 80/2018, do 21 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero.

Advertido erro no decreto citado, publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 154, do 13 de agosto de 2018, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 37547, onde di:

«• RA4. Desenvolve estratexias de intervención en violencia de xénero, tendo en conta a relación entre as características da situación e o protocolo establecido.

- CA4.1. Identifícase o papel da mediación na violencia de xénero.
- CA4.2. Identifícanse os protocolos para actuar en situacións de violencia de xénero.
- CA4.3. Establecéronse os protocolos de intervención en casos de violencia de xénero.
- CA4.4. Valorouse o papel do/da profesional en situacións de violencia de xénero.
- CA4.5. Caracterizáronse os protocolos de intervención familiar en casos de violencia de xénero.
- CA4.6. Seleccionouse o servizo idóneo para cada momento do itinerario de asesoramento integral ás vítimas, e indicáronse os pasos que cumpra seguir.
- CA4.7. Xustificouse o acompañamento da vítima ao servizo especializado prioritario.
- CA4.8. Xustificouse o cumprimento das normas e dos criterios establecidos no protocolo de actuación no trato dispensado ás persoas que sufriran violencia de xénero».



Debe dicir:

«• RA4. Desenvolve estratexias de intervención en violencia de xénero, tendo en conta a relación entre as características da situación e o protocolo establecido.

- CA4.1. Identificáronse os protocolos para actuar en situacións de violencia de xénero.
- CA4.2. Establecéronse os protocolos de intervención en casos de violencia de xénero.
- CA4.3. Valorouse o papel do/da profesional en situacións de violencia de xénero.
- CA4.4. Caracterizáronse os protocolos de intervención familiar en casos de violencia de xénero.
- CA4.5. Seleccionouse o servizo idóneo para cada momento do itinerario de asesoramento integral ás vítimas, e indicáronse os pasos que cumpra seguir.
- CA4.6. Xustificouse o acompañamento da vítima ao servizo especializado prioritario.
- CA4.7. Xustificouse o cumprimento das normas e dos criterios establecidos no protocolo de actuación no trato dispensado ás persoas que sufriron violencia de xénero».

